

ANXEL FOLE: "CAMPA DA BRANÁ" ven de "CAMPA VERANICA"

Cumplíronse os meus

Por Manuel Rodríguez López

~~En San Román~~ anxeiros de coñecer Cervantes, extenso Axuntamento que abrangue as antigas xurisdicións de Cancelada de Arriba e Cancelada de Abaixo. Os compañeiros de viaxe foron ~~os~~ os irmáns Antonio e Luís Rosón, Anxel Fole e Andrade, grandes coñecedores da alta montaña luguesa.

En San Román, capital do Axuntamento e "pórtico dos Ancares", como anuncian os indicadores, ofrécenos a súa hospitalidade o amigo Manuel Belón. "San Román - ómos - ten 200 habitantes. Transformouse moito últimamente. Era un pobo aillado, pero hoxe está ben comunicado, ten alcantarillado, cuartel da Guardia Civil, médico e ~~tod~~ los servicios indispensables nunha vila moderna, incluso un hostel con sete habitacións dobles".

Desde San Román (640 m.) a exuberante veiga de Liber é unha beleza sorprendente e ó lonxe, Becerreá, capital do partido xudicial, centro comercial e de comunicacións, progressa e modernízase sen acougo. A vista aérea desde o hostel é inolvidable e a conversa cos amigos durante o xantar, amena e interesante. Don Anxel lembra a excursión que fixo ós Ancares hai sen anos con Alvaro Gil, Celestino Fernández de la Vega, García Sobell e Fernández Altor. Don Luís fala dos anos mozos cando acampaba cos amigos na Campa da Brana e don Antonio conte as súas impresións do recente viaxe a Bos Aires: "Na Cidade do Plata - afirma - atópase igual que na casa. Os galegos teñen editorial propia, un hospital con 450 médicos cun nivel profesional a gran altura. Están integrados, si, no país, pero por riba de todo está a orixen. Por exemplo: bisnetos de galegos tocan a gaita. Tiñamos e obriga moral - engade o presidente do Parlamento Galego - de ir primeiro a Arxentina. Non creio que teña a sorte de facer outro viaxe igual".

Rematado o xantar, ~~XXXXXXXX~~ encetamos o costaneiro pero doado ascen-
so cara os Ancares "parque natural de Galicia" á veira de ^{pendentes} ~~quebredeas~~, ~~de~~
~~de~~ de uces e toxos e, por veces, entre enormes masas de carballos
cavos, contemplando as diseminadas alóas de montaña. Chegamos a Le-
grada e, sen parar, recorremos os 17 kilómetros que nos separan de
Piornedo, por boscos de carballos, castiñeiros, avelairas e pequenas
cascadas de augas ruxidoras que descen do monte e invaden a carretera.
Arrodeamos a veiga profunda pola Campa de Barreiro e por Donís e rubi-
mos dous kilómetros de impresionante costa até chegar á alóea prerromá-
nica onde os arqueólogos afirman que se atopa un dos orixens do hábitat
de Galicia.

Visitamos varias pallozas e os noos ilustres acompañantes firman o
libro de ouro da taberna do lugar e Antonio Rosón atende as peticións
de varios veciños ^(de ~~de~~ ~~de~~) que transmita á Xunta a necesidade de prolongar
a carretera tres kilómetros para empatar coa de León. Enterámonos tamén
que vaise facer un hostel co fin de promocionar o turismo e, diante
dunha palloza, co vistoso capudre de baías rubias non comestibles en
segundo termo e coa imponente grandeza da serra ó fondo, a cámara foto-
gráfica recolle o documento da inolvidable excursión.

" Nestas pallozas circulares, cuxa estrutura é semellante ás das
citánias antigas - di o académico Anxel Fole - é de supoñer que a
xente duraba en roda tocándose os pés e que no centro viñan a lareira.
As cortes eran pequenas porque, daquela, só había gando lanar".

¿Pra cando o complexo turístico?

Volatamos á Campa da Braña, cuxa etimoloxía, segundo García de Die-
go - teoría que rectifica don Anxel - vén de Campa Veránica, que quer de-
cir "lugar de pastos de verano". Visitamos a moderna discoteca e rubimos
ó Albergue do Club Ancares de Fieiró, que segundo Antonio Rosón " foi
unha acertada idea para promocionar os Ancares". " A fauna distes paraxes
- dínos - ten especies tan importantes como o urogallo, o rebeco, o cor-
zo, o cervo e tamén alimeñas como o lobo, o zorro, a garduña e algún que
outro oso". E engade: "Polo seu interés cinexético, a vertente lugue-

sa foi declarada Reserva Nacional de Caza Maior".

Deixemos Leira, damos a derradeira ollada ó alto do Tres Obispos, fronte das dióceses de Astorga, León e Oviedo e, acompañados pola imponente presenza do pico de Penarrubia (1626 m.), chegamos a Doiras pra facermos un pequeno descenso e visitar o restaurado castelo medieval. A paisaxe trócase mainly, doce e coada polas fartas veigas do Cancelada e do Levia, camiño da Fontes de Xixín Gatín, pero unha interrogante martela na miña testa. ¿ Por qué non se levaron a cabo os proxectos turístico-deportivos de inverno - pistas de esquí, telesillas, complexos hoteleiros e carreteras - que axudarían a erguer o n baixo nivel de vida de tantos lugares e aldeas anguriadas gran parte do ano polo aillamento case total durante as longas invernías ?

Manuel Rodríguez López
Barcelona